

2002: punto de chegada e de partida na actualidade lingüística galega

2002: A Starting and Finish Point in Contemporary Galician Linguistics

Xesús Manuel MOSQUERA CARREGAL

Instituto da Lingua Galega
snlxesus@usc.es

RESUMIO

Este artigo tenta repasar a actualidade lingüística galega durante o pasado ano 2002. O obxectivo deste artigo foi comprobar, en que medida, o ano pasado significou un punto de partida, é dicir, un punto de comezo e de chegada das varias dinámicas sociolingüísticas acontecidas en Galicia.

MOSQUERA CARREGAL, X. M. 2003. «2002: punto de chegada e de partida na actualidade lingüística galega». *Madrygal (Madr.)*. 6: 75-83.

RESUMEN

Este artículo pretende revisar la actualidad lingüística gallega durante el pasado año 2002. El objetivo de este artículo fue comprobar, en que medida, el año pasado significó un punto de partida, es decir, un punto de salida y llegada de las varias dinámicas sociolingüísticas desarrolladas en Galicia.

MOSQUERA CARREGAL, X. M. 2003. «2002: punto de llegada y de partida de la actualidad lingüística gallega». *Madrygal (Madr.)*. 6: 75-83.

ABSTRACT

The present paper tried to be a review of present-day Linguistics in Galicia during the past year 2002. The aim of this article was to check, to what extent, last year meant an bending point, that is to say, an arrival and a departure affecting various sociolinguistic dynamics occurred in Galicia.

MOSQUERA CARREGAL, X. M. 2003. «2002: A Starting and Finish Point in Contemporary Galician Linguistics». *Madrygal (Madr.)*. 6: 75-83.

SUMARIO 1. Presentación. 2. Conclusión. 3. Ciberbibliografía.

1. Presentación

Inmersa como está a lingua galega nun proceso de normalización lingüística encamiñado a mellorar o seu status social e coa «*questionne della lingua*» (enténdase o conflito normativo) aínda pendente e non pechada por completo, non é o máis habitual facer balances de períodos de tempo tan curtos como pode ser un ano, senón que a realidade e a lentitude das dinámicas sociolingüísticas aconsellan e préstanse á análise e establecemento en períodos máis amplos. Sen embargo, o pasado ano 2002 foi bastante prolífico no que á actualidade lingüística respecta como para con tan só uns poucos meses de por medio dea a sensación de que nun futuro o devandito ano teña posibilidades de chegar a ser considerado un ano estremeiro, que pechará un ciclo e abrirá outro novo na periodización da historia contemporánea da lingua galega.

A discusión da normativa lingüística, o relevo na dirección da principal asociación cívica en defensa da lingua e maila posta en marcha a elaboración dun plan xeral de normalización lingüística poden ser considerados como os tres grandes temas que capitalizaron, en orde cronolóxica, o ano 2002, e que estiveron acompañados, tal e como teremos ocasión de ver, por outros temas xa máis recorrentes e habituais no curso histórico do idioma nos últimos anos.

a) *Discusión normativa*

O ano 2002 naceu co ruxerruxe posterior á decisión tomada pola Real Academia Galega o 17 de novembro de 2001 de rexeitar a proposta de modificación das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega que desde o Instituto da Lingua Galega e os departamentos de Filoloxía Galega das tres universidades galegas lle fora presentada. Aínda que o termo xenérico que máis se tendeu a empregar foi o de reforma, máis que de reforma habería que falar de lixeiras modificacións na escrita do idioma, moitas delas na mesma liña cás realizadas no ano 1995: ampliación da relación de voces en *-zo e -za* (*diferenza, espazo, presenza...*), posta ó mesmo nivel das solucións *-ble* e *-bel*, representación facultativa do alomorfo *-lo* (só obri-

gatorio trala preposición *por* e o adverbio interrogativo *u*), etc. Eran en definitiva cambios moi moderados, a priori facilmente asumibles pola institución académica e que tiñan o atractivo de acabar coas diferencias que ata o momento provocaban a desunión dos sectores denominados «oficialista» e mailo «de mínimos». A proposta de acordo ortográfico contaba, ademais, co visto e prace das distintas asociacións cívicas e profesionais vinculadas coa elaboración e recuperación social do idioma, así coma cos medios de comunicación en galego: A Mesa pola Normalización Lingüística, Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua, Asociación de Escritores en Lingua Galega, *Vieiros, A Nosa Terra*, etc.

Por todo isto é polo que ata as primeiras semanas do ano 2002 chegaron os ecos da decisión en contra da Academia. Artigos en xornais, electrónicos e dixitais, foros de opinión... acolleron xenerosamente as opinións e argumentos dun e doutro bando. Para moitos supuña a repetición do xa vivido con anterioridade a comezos dos anos 80, cando a situación era outra pero o problema de fondo o mesmo. Cambiaran algúns nomes pero os argumentos e o ton do discurso resultaban familiares e a penas variaran; para moitos outros — as xeracións máis novas — supuña a explicitación dunha división que xa duraba (e dura) moito tempo, que semellaba aletargada e que se se retomara polas distintas partes fora precisamente para lle pór cabo.

Desde o sector da Academia contraria ó Acordo e desde os seus altofalantes mediáticos insístiase no suposto «aportuguesamento» da lingua, defendíase a *autoritas* do plenario académico ó tempo que se cuestionaba a forma en que lle fora presentada a proposta de reforma. Mentres desde o bando elaborador e pro Acordo laméntabase que a Academia non soubera ver o que tiña de positivo o Acordo, entendiase a súa decisión como unha grande oportunidade perdida e reclamábase que a propia Academia establecese as condicións para volver retomar o asunto (así o fixo o propio Comité Científico do Instituto da Lingua Galega nun comunicado escrito coa reforma negada).

Deste modo, e malia que as primeiras palabras aquel 17 de novembro do daquela presidente Fernández del Riego indicaban que se

pechara o debate («A Academia tomou unha decisión» sentenciara), axiña se creou a sensación de que por forza, dun ou doutro xeito, era necesario retomar o asunto, non se podían ignorar o traballo, as boas intencións e beneficios dun Acordo por unha simple cuestión de formas que lle fixeran ver a Academia que este era imposto desde institucións alleas a ela. A causa merecía e este sentir deixábase entrever en moitos académicos nas súas manifestacións públicas: a Academia acabaría por atender as demandas da sociedade e establecería novas canles que lle permitiran afrontar o asunto. Entre eses académicos atopábase o novo presidente, Barreiro Fernández, que xa dende as súas primeiras comparencias públicas confiaba en que o plenario, no uso das súas competencias, recabriría o debate, tal e como fixo polo mes de setembro cando a Institución nomeaba unha Comisión composta por catro académicos para entrar en contacto coa Comisión xa constituída e poder chegar a un acordo con ela. No mes de decembro o propio presidente nunha entrevista para o Canal Estudios Galegos confirmaba que neste ano 2003 volvería haber noticias ó respecto.

b) *Renovación na directiva da Mesa pola Normalización Lingüística*

Logo de 16 anos de andaina a principal organización cívica en defensa e reivindicación do idioma galego, a Mesa pola Normalización Lingüística, desenvolvía ó longo do ano 2002 unha frenética actividade. Coa bagaxe e experiencia outorgadas pola manchea de campañas de sensibilización, denuncia e promoción da lingua galega en ámbitos como o ensino, a toponimia, o comercio, a banca, o cinema... A Mesa convocaba no mes de maio a centos de asociacións, colectivos e entidades de todo o país a un Encontro Nacional da Lingua co fin de definir a situación real do idioma, unificar esforzos e deseñar novas estratexias de normalización lingüística (o lema era *Necesitamos un novo pulo normalizador*). O Encontro, que partía dun documento base no que se insistía no empeoramento da situación do idioma (ruptura da transmisión interxeracional, descenso do seu emprego nas cidades, escaso uso na prensa e no tecido empresarial, falta dunha

política lingüística planificada, etc.), convocou ó redor dun cento de persoas que coincidiron en avaliar negativamente a situación do idioma e en sinalar a importancia de recuperar o diálogo colectivo entre os axentes normalizadores para deixar aberta a porta de novas dinámicas de traballo. Sen embargo, o Encontro serviu tamén para pór de manifesto a división interna da organización convocante: uns corenta socios reclamaban o cumprimento da literalidade dos Estatutos (naquel apartado que preve a celebración dunha asemblea ordinaria anual que nunca se celebrara en toda a historia da asociación), forzaban a dimisión da directiva e abríase así un proceso electoral protagonizado por dúas candidaturas: unha de continuidade coa anterior directiva, encabezada por Emilio Insúa e a outra máis rupturista, denominada Equipa de Renovación da Mesa pola Normalización Lingüística, á fronte da cal se situaba o ex-presidente das Mocidades pola Normalización Lingüística, Carlos Callón. Sería esta última a candidatura que finalmente se proclamaría vencedora tras un período electoral non exento de confrontación, pero tamén de puntos de encontro que mesmo daban pé a albiscaar posibilidades de pacto final e creación dunha candidatura única que non chegou a callar. Quedou a sensación de que sendo máis as coincidencias programáticas (necesidade de insistir no conflito lingüístico galego-castelán, perda da «tensión normalizadora», necesidade de abrir a asociación á sociedade, reactivación do activismo colectivo, achegamento á lusofonía, etc.) cáas diverxencias, na orixe do proceso primaron máis cuestións persoais cá de modo de proceder ou ideoloxía.

En todo caso, polo de agora á nova directiva débensele estratexias novas como a de dirixirse pública e directamente, mediante cartas abertas, ó alcalde da Coruña, Francisco Vázquez, e ó secretario do PSdeG-PSOE, Emilio Pérez Touriño co tema da cuestión do topónimo de fondo; a renovación e desenvolvemento da estrutura interna da organización como é a creación dun gabinete de asesoramento en cuestións xurídicas ou a creación da Fundación Vía Galego; etc. Aspectos e procederes novidosos que conviviron, non obstante, con actuacións máis comúns na traxectoria da Mesa como poden ser os actos de protesta

levados a cabo ó fio da representación de Cas-telao polo Centro Dramático Galego ou a negativa da productora Warner de traducir ó galego a segunda parte das aventuras cinéfilas de Harry Potter.

c) Plans de normalización lingüística

O ano 2002 foi o ano dos plans de normalización lingüística primeiramente porque dúas institucións compostelás da relevancia da Universidade e o Concello aprobaban cadansu plan, e en segundo lugar porque o Goberno da Xunta de Galicia, a través da súa Dirección Xeral de Política Lingüística, anunciaba tamén o inicio dos traballos para a elaboración e posterior aplicación dun Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (PXNL).

Indo por partes, no primeiro caso tanto para a Universidade de Santiago de Compostela coma para o Concello da mesma cidade, a aprobación do seus plans supuña a culminación do dilatado labor dos seus respectivos servizos lingüísticos (dous dos máis veteráns e activos de Galicia), así coma ó traballo levado a cabo nos últimos anos por cadansúa Comisión de traballo. Tamén en ámbolos casos o punto de partida de cada Plan eran os estudos socio-lingüísticos feitos previamente: *O idioma na Universidade de Santiago de Compostela* (1998) e *Situación da Lingua Galega no Concello de Santiago de Compostela* (2002).

No caso da Universidade os traballos comezaran en 1999 coa creación dunha comisión integrada por membros do Claustro que un ano despois xa elaborara unha primeira versión do Plan que foi arrequeitado coas suxestións do conxunto da comunidade universitaria e que estaba prevista que fora aprobada xa no ano 2001 de nou ser pola forte mobilización universitaria rexistrada en contra da Lei Orgánica de Universidades. En todo caso o Plan formula as liñas que marcarán a política lingüística da institución ata o ano 2010, incluíndo o seu seguimento e avaliación. Como obxectivos xerais enuncia os de garantir o cumprimento da lexislación en materia de normalización lingüística e propiciar que o galego sexa a lingua natural de comunicación, expresión e traballo dos membros da USC. Conta con cinco ámbitos de actuación –comunidade universitaria

en xeral, estudiantado, persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos e proxección universitaria – sobre os que se proxeitan un total de 24 obxectivos sectoriais e sobre os que actúa aínda un segundo nivel de concreción que recolle os obxectivos específicos e as medidas que compren (un total de 84) para a súa consecución.

Cabe destacar que o Plan, aprobado polo 96% do Claustro, fai especial fincapé na extensión do uso do galego na docencia. Teñamos en conta que cunha administración cun alto grao de galeguización, enténdese que o persoal docente e investigador debe ser agora o cido de traballo prioritario xa non só no que respecta ás súas prácticas docentes, senón tamén ás investigadoras (publicacións, artigos de investigación e/ou divulgación...). Tal é así que medidas como as que se prevén nos procesos de escolla do profesorado interino e contratado e que gardan relación co dominio oral da lingua galega ou co seu uso en publicacións, van na liña de lle outorgar á lingua galega un rango de utilidade e necesidade do que tan carente está ata o de agora na inmensa maioría de ámbitos sociolaborais.

No que respecta ó Plan do concello da capital de Galicia, este foi aprobado logo de dous anos de traballo do Consello Municipal de Normalización Lingüística. Consta de sete sectores (o Concello; cultura e deportes; medios de comunicación e novas tecnoloxías; sector sociosanitario; ensino e mocidade; e confesións relixiosas) articulados en áreas de actuación sobre as que se proxeitarán os obxectivos concretos. A fórmula escollida, creación dun Consello Municipal, xa de por si supuxo unha experiencia de normalización e dinamización lingüística ó converterse nun foro de encontro, análise e debate da situación dos membros pertencentes e coñecedores dos distintos sectores, no que tan importante resultou ser o produto final resultante coma o proceso en si mesmo (a sociedade como parte implicada e comprometida cos obxectivos que ela mesmo se marca). De feito de xeito paralelo ó proceso de elaboración do Plan xa se ían pondo en práctica algunhas medidas normalizadoras en centros comerciais, servizos municipais...

Non obstante, a posta en marcha destes dous plans víase en parte eclipsada polo ini-

cio dos traballos de elaboración dun Plan Xeral de Normalización da Língua, vella demanda dos sectores inmersos na problemática social da lingua que, malia estar considerada no artigo 23 da Lei de normalización lingüística de 1983, non foi ata o ano pasado cando adquirira corpo. O peso da súa elaboración corre a cargo dunha Comisión Técnica, integrada entre outros polos académicos Ferro Ruibal e Manuel Conzález, que definiu nun primeiro momento un total de sete ámbitos de actuación: administración e dereitos lingüísticos; educación, familia e mocidade; medios de comunicación; ámbito económico e empresarial; sanidade, relixión e servizos sociais; deporte, lecer e turismo; e proxección exterior da lingua. Cada un deles está xbrado en distintas áreas sobre as que se irán proxectando os distintos obxectivos e determinando os pertinentes mecanismos de avaliación e seguimento das medidas que cumpra tomar en cada caso.

A segunda fase consistirá no establecemento de contactos con persoeiros e colectivos para a constitución de comisións sectoriais que elaborará un primeiro anteproxecto sobre o que os distintos partidos políticos, sindicatos, institucións... poderán realizar as emendas que consideren oportunas, as cales trala súa revisión darán forma ó documento definitivo para que este sexa debatido no Parlamento galego.

d) Outros temas

Avances e iniciativas: coma tódolos anos desde que en Galicia está en marcha un proceso institucional e cívico de recuperación e dignificación do idioma galego, é habitual que unha considerable porcentaxe das noticias suscitadas ó redor da lingua faga referencia á posta en marcha de iniciativas, campañas en prol da lingua, aparición de novas publicacións... xurdidas ben desde as administracións públicas, ben desde a sociedade civil, ben mesmo desde o voluntarismo persoal.

O ano 2002 non foi unha excepción e mencionamos agora tan só algúns exemplos: da administración pública saíron entre outras as campañas «Tren da lingua» —coa colaboración de Caixanova e Renfe— consistente en

ensinarlles aos cativos Galicia a bordo dun tren ó tempo que se lles mostran as peculiaridades culturais do país e se lles anima a falar galego, e tamén unha campaña destinada a que os materiais relacionados co pasamento das persoas sexan redactados en lingua galega; presentáronse acordos puntuais como o asinado coa firma Carrefour para que nos seus centros comerciais se empregue o galego na megafonía, a publicidade e a atención ó cliente; divulgáronse polos centros escolares as propostas educativas de base tecnolóxica chamadas Iago Escolar e Iago Precursor que con versión galega (ó pé da castelá e inglesa) serven para a aprendizaxe do alfabeto, os números, o acrecentamento do léxico, o reforzo da memoria, a avaliación das destrezas matemáticas...

Da banda da iniciativa cívica, na medida en que é un proxecto xurdido do grupo Galego21, débese mencionar e celebrar a continuidade do proxecto de normalización lingüística Ciberlingua que co apoio dos concellos de Ferrol, Lugo, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo ten como obxectivo o aproveitamento educativo das novas tecnoloxías, en especial da internet, co fin de llelas achegar en lingua galega a mozos, pais e profesorado.

No apartado de novas publicacións mencionaremos a recuperación de dúas cabeceiras destinadas ó público infantil: *Golfinho*, retomada por *La Voz de Galicia* e mais *Bule Bule* retomada polo semanario *A Nosa Terra*. Ambas enchen o baleiro das propostas lúdico-educativas en forma de banda deseñada dirixidas aos máis cativos. Tamén merece especial mención pola súa ampla tiraxe e extraordinaria acollida por parte dos lectores a Biblioteca 120, divulgada polo devandito xornal coruñés e que supuxo unha iniciativa de espallamento e divulgación da literatura galega sen precedentes.

Real Academia Galega: iniciada xa no mandato de Fernández del Riego para a Academia o ano 2002 foi tamén tempo de renovación e, sobre todo, de planificación do futuro máis inmediato en preparación do que será, no ano 2005, a celebración do seu centenario. Á continuación dos traballos dos seus distintos seminarios e seccións (lexicografía, gramática, sociolingüística...) hai que engadirles as iniciativas que prevén a revitalización do Día das

Letras Galegas¹, a dixitalización dos seus fondos e arquivos, a creación da súa páxina web, o aumento do volume de publicacións propias... Mais tamén é de destacar a súa maior actividade e implicación polo que fai á situación do idioma. Só deste xeito se pode entender o documento elaborado polo seu plenario en setembro de 2001, pero presentado ó presidente do Goberno galego en febreiro do ano pasado e feito público tres meses despois.

O documento constitúe unha rigorosa e crítica reflexión sobre a situación do idioma en ámbitos tan determinantes como o ensino, os medios de comunicación (públicos e privados) e o sector empresarial; do primeiro alertábase do incumprimento da lexislación vixente; nos segundos cualificábase a situación como «anormal» e «irrisoria» alertando, asemade, en aspectos tan problemáticos pero cruciais coma o da calidade lingüística; e, finalmente, no terceiro entendíase que a lingua xoga claramente un papel de «lingua subordinada». Tamén no documento se reclamaba a elaboración dunha nova Lei de normalización lingüística acorde ós novos tempos e realidades, e carente das lagoas e baleiros que a actual presenta.

Vellas polémicas: no 2002 seguironse a escribir máis capítulos de vellos temas que a actualidade lingüística galega arrastra de nde hai anos. É o caso das previsións sobre o futuro do idioma e a súa previsible desaparición que no ano pasado recobraron vixencia gracias a un informe presentado pola Unesco que encadraba o galego dentro das linguas en perigo de extinción e que axiña foi cualificado como pouco serio e rigoroso polas institucións galegas (Consello da Cultura, Real Academia Galega...).

Tamén se seguiu falando do nome oficial da cidade da Coruña xa que o Tribunal Constitucional rexeitaba o recurso presentado polo concello hereulino no que reclamaba que a obriga de empregar o topónimo oficial era inconstitucional.

Por último, no ámbito teatral e audiovisual a decisión do Centro Dramático Galego de representar en Galicia a obra de Castelao en español baixo o título de *Los viejos no deben ena-*

morarse e maila negativa da compañía Warner de traducir ó galego a segunda parte das aventuras do neno mago Harry Potter, protagonizaron dúas novas polémicas que non por novas deixaban de resultar familiares e moi semellantes ás xa acontecidas noutras ocasións.

Congresos e xornadas de estudo: moi brevemente cabe mencionar a continuidade de foros de encontro xa clásicos e case inescusables como poden ser as *Xornadas de Lingua e Literatura* convocadas pola Asociación Sociopedagóxica Galega e que no ano pasado chegaron á súa duodécima edición con máis de vinte seminarios de traballo, de diversa temática pero sempre coa problemática lingüística de fondo. O mesmo pode dicirse dos *Encontros de Normalización Lingüística* que na súa sexta edición abordaron novas fórmulas e técnicas de traballo na planificación lingüística. A mesma continuidade é de desexarlla ós simposios organizados polo Instituto da Lingua Galega: ó convocado no 2001 baixo o título *Dialectoloxía e léxico*, seguiuulle o titulado *Léxico e estandarización en Galicia* que serviu de avaliación do proceso de codificación e estandarización léxicas da lingua galega (desenvolvemento lexicográfico e terminolóxico, difusión social do léxico estándar, etc.). Igual espírito de revisión se puido apreciar no *II Encontro de Centros de Estudos Galegos das Universidades de fóra de Galicia* organizado co fin de reflexionar sobre o labor realizado, as perspectivas de futuro, as eivas detectadas, os proxectos en curso... Desta proxección do galego exterior cabe mencionar o *I Ciclo de Conferencias sobre Lingua e Literatura Galegas en Madrid* organizado desde a Universidade Complutense.

2. Conclusións

Utilizabamos no título deste artigo a expresión «punto de chegada e de partida» para intentar definir o groso da actualidade lingüística acontecida no ano 2002. Intentaremos agora explicar o porqué da expresión e asemade esbozar unha serie de conclusións coa vista pos-

¹ No 2002 celebrado oportunamente e por vez primeira fóra de Galicia (en Vilafranca do Bierzo).

² Que xa foran obxecto no ano 2000 dun documento das mesmas características que a penas tivo repercusión.

ta no futuro máis próximo. O ano 2002 supuxo —entendemos— o punto de chegada para un tema xa clásico na historia do galeguismo das últimas décadas como é o da normativa ortográfica, sobre o que se ten escrito, falado, debatido e discutido sobexamente e que, por momentos, tiña dexenerado en defensa a ultranza das posicións propias e ataques persoais e descualificacións aos «disidentes». Á marxe das declaracións posteriores á decisión académica, o ano 2002 foi unha especie de «ano-tregua» no proceso, ano para a reflexión e posta en marcha das condicións necesarias para, coa discreción que o tema require, se senten as bases para que neste ano (no que verán a luz estas liñas) o asunto poida ser retomado pola institución académica. A ela compételle, coa altura de miras necesarias, outorgarlle o rango de oficialidade a un Acordo feito dende o rigor e a xenerosidade que poría fin a un desencontro que todo o mundo coincide en sinalar como grave pexa á normalización lingüística.

Que se oficialice ese Acordo tampouco quere dicir que se dea coa trabe de ouro que despexe o camiño da normalización social da lingua galega, senón que o día a día indica ben claramente que organizacións como A Mesa teñen a súa existencia máis que xustificada e a súa duración no tempo garantida. Tamén para ela o ano pasado supuxo un punto de chegada: logo de tres lustros impulsando campañas de normalización, reivindicando os dereitos dos galegofalantes, denunciando as agresións lingüísticas e agravios comparativos... enténdese necesario unha especie de catarse, un detemento para reflexionar sobre o realizado e o moito que queda por realizar. Ese era o espírito do Encontro Nacional sobre a Lingua. As súas intencións non eran só de criticar as institucións responsables da situación da lingua e insistir nos indicadores sociolingüísticos máis negativos, tamén tiña moito de autoavaliación e mesmo de introspección ou terapia colectiva entre as organizacións implicadas na causa do idioma. Teñamos en conta que A Mesa é das organizacións cívicas con maior número de socios do país, que paralelamente o número de asociacións, servicios públicos de normalización... foi en aumento nos últimos anos, que os medios ó dispor aínda que sempre mellorables tamén aumentaron, etc. pero sen embargo a traducción cuantitativa en au-

mento do número de falantes non parece producirse e o proceso de substitución lingüística non parece deterse. Mesmo se podería dicir que certo desencanto, sensación de estancamento e autocompracencia parece alibiscarse por momentos no colectivo normalizador. Asemade malia o inxente traballo realizado, moitas cuestións foron converténdose cos anos en verdadeiros lastres difíciles de soltar para a evolución do idioma en xeral e a situación da organización en particular como poden ser as feridas toponímicas aínda abertas, as eivas no ensino perennes e non resoltas ou a propia presenza real na sociedade. A este respecto é sintomático que no programa sectorial do equipo de renovación da Mesa comezase co seguinte parágrafo aclaratorio:

Serve en xeral o programa fundacional da Mesa, pois continúan sen se acadar practicamente nengun dos obxectivos que alí se recollen. De calquer xeito, imos facer un percorrido na medida en que se poidan aclarar criterios, novidades e xeitos de actuar diferentes aos practicados até o de agora. Non se repeten portanto os vellos programas, que se deben entender como anexos a este. Non se insiste tampouco nos vellos contenciosos que A Mesa ten por rematar. Simplesmente se tocan os temas na medida en que hai algo novo para dicir.

É por isto polo que entendemos que para a normalización lingüística emanada da sociedade civil o 2002 foi punto de chegada, pero tamén de partida, xa non só pola existencia dunha nova directiva, senón para o inicio do que deben ser unhas novas prácticas normalizadoras: a procura do diálogo e unidade de acción entre as distintas asociacións (nas resolucións do Encontro Nacional fálase dun Grande Pacto Social pola Lingua), o axuste do ton das campañas e iniciativas de protesta, unha maior apertura á sociedade e maior presenza real, a involucración da iniciativa privada, a optimización dos recursos co fin de combinar do mellor xeito adecuado as variables recursos/actividades/ámbitos/resultados... son só algúns dos aspectos nos que os axentes normalizadores deben tomar consciencia e envorcarse nos próximos anos.

Polo que respecta á normalización emanada das institucións públicas como poden ser o Concello e Universidade compostelás, para estas debe ser o inicio dunha nova fase na súa andaina normalizadora: se a elaboración do

Plan supuxo a implicación e participación dos colectivos de cada institución, se a súa aprobación supuxo o compromiso firme daquela para levalo a cabo e cumprilo como unha liña máis de traballo e de goberno, agora chégalle a quenda a súa aplicación e, por suposto, a súa tradución en resultados prácticos e reais. Dispor dun Plan supón acabar coa indefinición e improvisación que ata agora caracterizara en maior ou menor grao a normalización lingüística, supón o nivel de concreción máximo da política lingüística que se quere practicar e que se entendeu como desexable á hora de aprobala oficialmente, polo que xa non deixa lugar para a negación dos medios e recursos necesarios, para o cuestionamento das medidas que se emprendan e si para a esixencia de resultados e avances reais.

Neste sentido cabe esperar que as experiencias pioneiras levadas a cabo por universidade e concello composteláns sirvan de estímulo e modelo para que outras institucións aborden proxectos semellantes², o cal será sinal de madurez, de maior profesionalización, por dicilo dalgún xeito, do labor normalizador, e de verdadeira toma de consciencia de que a planificación lingüística debe formar parte, en pé de igualdade respecto doutros ámbitos de actuación, das políticas e liñas de goberno e actuación de calquera institución.

Canto ó Plan Xeral emprendido o modo de saír convocado xa espertou a primeira polémica ó seu redor e esixiu aclaracións públicas. O mesmo aconteceu co modo de entender o diálogo e procurar o consenso por parte da Administración consistente no envío de cuestionarios que os destinatarios deben devolver cubertos, o cal deu pé xa a posta en circulación dun manifesto esixindo un plan aberto e de todos. Parece claro que no fondo tamén subsisten recelos e diferencias políticas que sería bo que no 2003, ano en que está previsto o remate dos traballos, queden aparcadas e deixen paso á xenerosidade e esforzo de ambas as partes por dar co consenso e unidade que a ocasión histórica presentada merece. Do mesmo xeito tamén sería bo que o Plan non fiquese só nun documento que aspire a xestionar a rea-

lidade lingüística, senón que teña as miras en intervir nesa realidade e inverter as dinámicas sociolingüísticas tan preocupantes que motivaron a súa elaboración, para o cal terá que dispor tras del dunha vontade política por pólo en práctica, duns orzamentos que o fagan efectivo e dunha capacidade para non solaparse, convivir e complementarse con outros plans de normalización xa existentes.

Verbo da sucesión de avances e iniciativas en prol da lingua está por ver, primeiramente, cómo a sociedade os asimila ou, mellor dito, en cómo lle son transmitidos por parte dos medios de comunicación. Ás veces dá a sensación de que mesmo se pode estar distorsionando a realidade facendo ver que todo son avances, pero sen o espírito crítico de explicar por qué eses avances son noticiais.

En todo caso avaliándoos brevemente, da banda da administración pública cabe sinalar a heteroxeneidade das iniciativas emprendidas e da súa falta de conexión que agardemos teñan fin coa posta en marcha do PXNL; da banda da iniciativa privada a súa implicación non pode ser máis ca positiva e é de agardar que vaia en aumento e o feito de «investir en lingua» sexa entendido máis como un compromiso real e interno da empresa e non tanto como un efecto publicitario e, sobre todo, xesto simbólico: canto á iniciativa civil esta segue a caracterizarse pola súa vitalidade e capacidade de camiñar canda ós tempos pero sen descoñecer os vellos temas xa recorrentes.

Respecto á Real Academia Galega, é de esperar que nos vindeiros anos os proxectos en marcha e en preparación vexan luz satisfactoriamente e, de xeito paralelo, contribúan a converter a institución nun punto de referencia esencial e senlleiro —tanto para crear opinión como para canalizar a crítica— no que a cuestións lingüísticas respecta e, o que tamén é importante, así sexa vista polo conxunto da sociedade. Que cobre, en definitiva, o protagonismo e presenza sociais dos que estivo carente ata hai ben pouco en calidade de institución plural, independente e con voz altamente cualificada no devir cultural e, sobre todo, lingüístico do país.

² <http://www.xunta.es>

³ A Universidade de Vigo e mailo Concello de Ferrol posiblemente sexan as próximas institucións en dispor do seu PNL.

Finalmente, a continuidade no tempo de vellas polémicas ó redor da lingua, o seu futuro e a súa presenza social suscitan o paradoxo de resultaren asemade inevitables e, en parte, perniciosas. Inevitables na medida en que xorden en resposta a situacións de desigualdade orixinadas, agresións lingüísticas sufridas, agravios comparativos formulados... e serven para pór de manifesto o conflito lingüístico existente e que ás veces interesadamente se pretende minimizar ou mesmo negar. É por isto polo que situacións coma a do Centro Dramático Galego ou a da Warner o máis previsible é que continúen a ser habituais na actualidade lingüística galega, do mesmo modo que do topónimo coruñés, tema xa mitificado e convertido en bandeira, é posible que aínda queden moitas palabras que dicir. Mais tamén resultan perniciosas en tanto salfiren o proceso de normalización lingüística de certa confrontación non sempre ben transmitida á sociedade e confirenlle ó proceso certa sensación de estancamento, frustración e

esgotamento de novas vías. Caso especial é o dos agoiros verbo da desaparición do idioma propio de Galicia e que tan frecuentes resultan ultimamente: dá a sensación de que previsións catastrofistas ó redor da lingua e o seu futuro, alén de concibir erroneamente o proceso e o devir da historia en si mesma, só poden contribuír ó desencanto do colectivo implicado na súa defensa e, o cal aínda é máis grave, a xustificar e consolidar a indiferencia (socio)lingüística na que están asentados amplos sectores da sociedade galega e non galega.

En definitiva, nestas liñas tentouse argumentar e demostrar o certo grao de inflexión que presidiu a actualidade lingüística no ano 2002. Só o tempo poderá dicir se as novas prácticas normalizadoras e os novos instrumentos iniciados e proxectados conseguen unha materialización satisfactoria e productiva, e, daquela, só o tempo poderá dicir se os procesos de avaliación e revisión do pasado e previsión para o futuro realizados pagaron a pena.

3. Ciberbibliografía

http://www.culturagalega.org/arquivos_cat.php?seccion=Lingua

Arquivo de novas ó redor da lingua no portal culturagalega.org

<http://www.vieiros.com/vcredicion.asp?Ed=62>

Canal Galego.org dentro de Vieiros.

<http://www.amesanl.org/inicio.html>

Páxina da Mesa pola Normalización Lingüística

<http://www.usc.es/~snlus>

Páxina do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela.

<http://www.santiagodecompostela.org/concello/snl>

Páxina do Departamento de Lingua do Concello de Santiago de Compostela.

<http://dmoz.org/World/Galego/Lingua>

Directorio de recursos en lingua galega dentro do *Open Directory Project*.